PINTAR O DEBUXO, DEBUXAR A COR.

Mauro Leivas, nado en Mondoñedo, no emblemático Barrio dos Muíños, é un dos tres artistas plásticos mindonienses máis significativos en toda a historia da cidade. Na obra dos tres artistas nados circunstancialmente en 1955, utilízase como medio de expresión plástica o debuxo, a pintura, a escultura, a fotografía, o vídeo, a instalación multimedia e a poesía nalgún dos casos. Artistas cuxa obra cruzou Os Ancares, e alén dos Pirineos e do Atlántico, e foi exposta en importantes coleccións institucionais, museísticas e privadas. E todo foi logrado sen o apoio da outoniza cidade, sempre ensimesmada exclusivamente coa música e a palabra.

MAURO LEIVAS pinta o debuxo e debuxa a cor. Trata a superficie con afecto e verdadeiro "aloumiño", sabedor de que cada centímetro é singularmente irrepetible. Desde moi mozo, o artista, con certa frecuencia, recunca nunha idea recorrente:" A superficie hai que coidala, non atropelala".

Pintor e escultor, Mauro Leivas investiu máis tempo como ilustrador e conseguiu crear unha ampla e importantísima obra: libros, cadernos de artista, carteis… dignos dos mellores espazos expositivos.

Nesta última década, Mauro Leivas aceptou ser convidado a participar en importantes exposicións colectivas, como AANinART e Tributo Ananín, compartindo espazo con artistas de primeiro nivel nacional e internacional.

Cando Mauro Leivas utiliza mesmo un pincel 00 emerxe o artista e o trazo faise enormemente grande.

Xosé Artiaga,
26 de Xuño de 2025.

PARTE II

25 de xullo de 2025, acompañando as cinzas de Mauro Leivas ao cemiterio na compaña de grandes amigos, mirabámonos cómplices, sabedores de que partía como a súa obra, libre de procesos e procedementos que o levasen a outro destino que el non considerase axeitado. A súa enorme creatividade era suficiente. A Mauro abondádalle con que a xente querida estivese xunto a el ata a última curva. Teño o pleno convencemento de que se Mauro Leivas escollese para o seu desenvolvemento artístico unha cidade posicionada no contexto da arte, a súa obra acadaría o seu merecido recoñecemento.

É moi probable que o mundo da arte, ás veces cego e incomprensible, desta vez si abra os ollos, agora que Mauro decidiu abrir os caixóns do seu estudio e permitir que o espectador contemple a súa obra, que se achegue ao artista que pintou os paxaros, tamén as salamántigas, ao artista que pintou o debuxo e debuxou a cor.

Na eternidade, afastados de toda rivalidade terreal, volveremos a atoparnos e acudiremos a un determinado espazo, un inmenso lenzo:
Mauro fará un dos seus maxistrais debuxos, eu porei cristais rotos sobre a superficie debuxada e Daniel, descalzo, colocará sobre os cristais pezas da súa grande serie Presenzas.

Xosé Artiaga,
25 de Xullo de 2025.

Texto traducido a galego por Adolfo Caamaño